


ATRIGA



AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Informe xeral de actividade 2017



Edita: Axencia Tributaria de Galicia
Calle Pastoriza, 8.
15781 - Santiago de Compostela.
A Coruña
Teléfono: 981 544 189
Correo electrónico: direccion@atriga.es
Páxina web: www.atriga.gal

Ano: 2018


AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Informe xeral de actividade 2017

8

ÍNDICE


01	INTRODUCCIÓN	5
02	ORGANIZACIÓN, ESTRUCTURA E RECURSOS	7
03	RECADACIÓN TRIBUTARIA XESTIONADA POLA ATRIGA	11
04	SERVIZOS AO CONTRIBUÍNTE	13
05	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DE CONTROL	21
06	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA	35
07	ACTUACIÓNS DE COLABORACIÓN SOCIAL E ADMINISTRATIVA	43





RELACIÓN DE ACRÓNIMOS

AEAT:	Agencia Estatal de Administración Tributaria.
ALIS:	Axuda para a liquidación do imposto sobre sucesións.
Atriga:	Axencia Tributaria de Galicia.
CA:	Canon da auga.
CCAA:	Comunidades Autónomas.
CE:	Canon eólico.
DGT:	Dirección General de Tráfico.
DOG:	Diario Oficial de Galicia.
FNMT:	Fabrica Nacional de Moneda y Timbre.
ICA:	Imposto sobre a contaminación atmosférica.
ICAM:	Imposto compensatorio ambiental mineiro.
IDMAE:	Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.
IP:	Imposto sobre o patrimonio.
IRPF:	Imposto sobre a renda das persoas físicas.
ISD:	Imposto sobre sucesións e doazóns.
ITP-AXD:	Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
LXT:	Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
NRC:	Número de referencia completo.
ODH:	Oficinas de distrito hipotecario.
OLDH:	Oficinas Liquidadoras de distrito hipotecario.
OVT:	Oficina virtual tributaria.
SSCC:	Servizos centrais.
TIC:	Tecnoloxías da información e comunicación.





01 INTRODUCCIÓN

I.1. NATUREZA E FUNCIÓNS DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

O artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas autorizou ao Consello da Xunta de Galicia para crear a Atriga, como axencia pública autonómica, adscrita á consellería competente en materia de facenda, e como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias atribuídas na citada lei, e para a realización das que se lle puideran atribuír ou encomendar mediante unha lei ou un convenio.

A Atriga ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, patrimonio e tesouraría propios e goza de autonomía funcional, financeira e de xestión para o cumprimento dos seus fins, conforme ao previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Atriga ten por principais obxectivos:

- a) Garantir que se cumpra o principio constitucional en virtude do cal todos deben contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante actuacións de control e de colaboración con outras administracións públicas dirixidas á detección e regularización dos incumprimentos tributarios.
- b) Garantir que as actuacións administrativas que desenvolva en exercicio das súas funcións minimicen os custos indirectos derivados das exixencias formais necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias.

- c) Fomentar o cumprimento voluntario das obrigas fiscais mediante accións de concienciación e sensibilización, prestación de servizos de información e asistencia ao contribuínte e calquera outra que, de modo directo ou indirecto, vaian encamiñadas a tal obxectivo.

A Atriga desempeña tamén as seguintes funcións:

- a) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto o Canon da auga e o coeficiente de verquido (executiva), o Canon eólico, o Imposto sobre a contaminación atmosférica e o Imposto sobre o dano ou dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.
- b) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos estatais cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora das recargas que se establezan sobre os tributos estatais.
- d) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora doutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que poida asumir por delegación ou encomenda.
- e) A recadación dos ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- f) A revisión en vía administrativa das actuacións e actos realizados no exercicio das funcións anteriores, con excepción das reclamacións económico-administrativas, de revisión de actos nulos de pleno dereito e daquelas outras que por lei específica se atribúan a outros órganos.



- g) A colaboración e coordinación coas demais administracións tributarias e, en particular, a participación nos órganos de goberno da AEAT ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.

A actividade da Atriga fundaméntase nos seguintes principios e regras de actuación:

- a) Legalidade, obxectividade, eficacia e universalidade na aplicación dos tributos, con pleno respecto aos dereitos e ás garantías dos cidadáns.
- b) Loita contra as diversas formas de fraude fiscal.
- c) Eficacia e responsabilidade na xestión da información.
- d) Información e servizo aos cidadáns, prestando unha atención especial aos contribuíntes, reducindo ao mínimo os custos de tramitación e facilitando o cumprimento voluntario das obrigas tributarias.
- e) Coordinación e cooperación co resto das administracións tributarias.
- f) Colaboración social e institucional cos colexios profesionais e con outras corporacións de dereito público e asociacións profesionais do ámbito tributario co fin de facilitar ao máximo aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas e dos seus deberes tributarios.
- g) Adaptación continua aos cambios do ámbito económico e social e atención ás novas necesidades dos cidadáns.
- h) Transparencia na fixación de criterios na súa actividade.
- i) Impulso do emprego e aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.
- j) Especialización e cualificación do persoal ao servizo da Atriga.
- k) Xestión transparente por obxectivos, en particular na loita contra a fraude.

I.2. TRIBUTOS XESTIONADOS POLA ATRIGA

Correspóndelle á Atriga as funcións de aplicación dos seguintes impostos

Impostos propios:	Canon da auga (CA) ¹ Canon eólico (CE) Imposto sobre a contaminación atmosférica (ICA) Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada (IDMAE) Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM)
Impostos cedidos:	Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) Imposto sobre o patrimonio (IP) Taxas fiscais sobre o xogo

¹ A xestión correspóndelle a Augas de Galicia. A Atriga compételle a recadación en período executivo.

Así mesmo correspóndelle a recadación de ingresos de dereito público que non teñen o carácter de ingresos tributarios. De entre este tipo de ingresos, de unha gran diversidade, pódense citar, pola súa importancia e frecuencia:

- As sancións administrativas impostas por distintos órganos das Consellerías e que se recadan, tanto en período voluntario como executivo e só en executiva cando son sancións de organismos autónomos ou entes públicos.
- Os reintegros de axudas e subvencións nos supostos previstos na Lei de Subvencións de Galicia e cuxa recadación, tamén tanto en período voluntario como executivo, e con respecto a calquera órgano da Xunta, incluídos os Organismos Autónomos.



02 ORGANIZACIÓN, ESTRUTURA E RECURSOS

2.1. ORGANIZACIÓN

A Atriga dispón dos seguintes órganos de goberno, dirección, apoio e control:

- a) A Presidencia e o Consello Reitor: son os órganos de goberno da axencia, ostentando a Presidencia a persoa titular da consellería competente en materia de facenda e estando composto o Consello Reitor por:
- A persoa titular da Presidencia da Atriga, que preside dito órgano.
 - A persoa titular da Dirección da Atriga, a quen corresponde a vicepresidencia de dito órgano.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de patrimonio.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de función pública.
 - A persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
 - A persoa titular da Dirección Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.

- b) A Dirección, como órgano de dirección.
- c) Comité de Dirección, como órgano de apoio.
- d) A Comisión de Control, como órgano de control.

2.2. ESTRUTURA

Por outra banda, durante o ano 2017 a Atriga modifica a súa estrutura co fin de redistribuír e concretar funcións no ámbito dalgúns dos seus centros directivos para reforzar e garantir un idóneo desenvolvemento e execución das actuacións que lle son propias.


Concretamente, créase unha nova Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais, que englobará dentro dela os actuais departamentos de Recursos Humanos e Réxime Interior, Xestión Económico-Financeira, Orzamentaria e Contable; e de Auditoría e Calidade; este último asumirá as funcións do Departamento de Análise da Información, que se suprime. Con isto lógrase que queden baixo unha soa dirección os departamentos que desenvolven funcións transversais ás distintas áreas tributarias, así como aqueles que teñen entre as súas funcións a organización interna da Atriga, o que redundará nunha maior coordinación e eficacia.

Tamén se crea un novo Departamento de Planificación do Control Tributario, que, dependente da Área de Inspección Tributaria, que se encargará de planificar o control tributario mediante a elaboración da proposta do plan de control, así como a súa execución na fase de selección de actuacións que vaian desenvolver as diferentes áreas competenciais da Atriga, coa finali-



dade de coordinar toda a información dispoñible para a adecuada detección das áreas de risco e a mellora da eficiencia na loita contra a fraude fiscal.

Así, a Atriga estrutúrase nas unidades administrativas que se amosan no organigrama da seguinte páxina.





2.3. RECURSOS

2.3.1. Orzamento

A execución do orzamento de gastos da Atriga foi a seguinte:

	2016	2017	TVA
Gastos de persoal	11.869.404	12.804.447	7,9%
Resto Gastos correntes	7.993.807	8.046.369	0,7%
Gastos de capital	333.196	56.437	-83,1%
TOTAL	20.196.407	20.907.254	3,5%

No que se refire ao orzamento de ingresos, compre mencionar que a práctica totalidade do mesmo procede das transferencias de financiamento da Consellería de Facenda.

O detalle de execución do orzamento de ingresos é o seguinte:

	2016	2017	TVA
Ingresos correntes	19.754.979	20.684.901	4,7%
Ingresos de capital	333.196	56.437	-83,1%
TOTAL	20.088.175	20.741.338	3,3%

Comparando a débeda detectada durante o ano 2017 coas obrigas recoñecidas pola Atriga no devandito ano obtense un índice de eficiencia, de modo que por cada euro gastado recadáronse 6,9 euros.

2.3.2. Persoal

O número de efectivos desta Axencia pasou de 2016 a 2017 de 337 a 341, o que supón un incremento do 1,2%.

O cadro de persoal a 31 de decembro de 2017 quedou configurado da seguinte maneira:

	HOMES	MULLERES	TOTAL
A CORUÑA	42	96	138
LUGO	17	27	44
OURENSE	16	37	53
PONTEVEDRA	37	69	106
TOTAL	112	229	341



	Alto Cargo	Corpo Xeral	Escala finanzas	Corpos Especiais	Laborais	Total
SS CC	1	21	21	2	1	46
A CORUÑA	0	50	28	6	8	92
LUGO	0	23	14	3	4	44
OURENSE	0	32	15	4	2	53
PONTEVEDRA	0	27	14	4	2	47
VIGO	0	28	20	4	7	59
TOTAL	1	181	112	23	24	341

Comparando a débeda detectada durante o ano 2017 co número total de empregados públicos da Atriga a 31 de decembro do devandito ano pode obterse un índice de desempeño, de modo que cada empregado da Atriga obtivo de media 422.957€ na loita contra a fraude.





03 RECADACIÓN TRIBUTARIA XESTIONADA POLA ATRIGA

A recadación tributaria líquida está constituída polos ingresos efectivos obtidos no exercicio, procedentes tanto das autoliquidacións presentadas polos contribuíntes como das liquidacións practicadas pola Atriga e minorados polas devolucións efectivamente pagadas no exercicio. Responde, polo tanto, a un criterio de caixa.

No ano 2017 ingresáronse 549,7 millóns de euros, un 4,6% por cento máis do recadado no ano 2016, sendo as razóns principais deste incremento por un lado, o aumento na recadación no ITP-AXD, fundamentalmente debido ás transmisións patrimoniais onerosas, en concreto, incrementouse o número de autoliquidacións presentadas durante o ano 2017 pola paulatina recuperación do mercado inmobiliario no que atinxe á vivenda usada e por outro polo desenvolvemento dun plan especial de loita contra a fraude fiscal.

Durante o 2017 mantivéronse as medidas aprobadas no ano 2016 polas que, en ISD a redución correspondente ao grupo II pasa de 18.000 a 400.000, co obxectivo de eliminar a tributación no 99% dos casos. No tocante ao ITP e no AXD, engádense aos beneficios fiscais no eido rural aprobados no 2016, deducións do 100 % para favorecer a adquisición de vivenda habitual por parte de familias numerosas, discapacitados e mozos en zonas rurais, coa finalidade de evitar o despoboamento.

O impacto destas medidas normativas en ISD e ITP-AXD no 2017 foi de 83 millóns de euros, recursos que quedaron en mans dos fogares galegos co obxectivo de reactivar o consumo interno e manter íntegro o patrimonio das familias en caso de perda dun familiar directo.

3.1. EVOLUCIÓN DA RECADACIÓN NO ISD

A recadación líquida por este imposto foi de 127,9 millóns no 2017 o que supón unha redución do 6,1% respecto o 2016 (136,2 M€). Esta diminución ven derivada do imposto sobre as sucesións, que pasou de 127,1 M€ no ano 2016 a 118 M€ como consecuencia de que a modificación normativa na redución subxectiva aplicable ao grupo II alcanza o seu primeiro ano completo de aplicación.

No imposto sobre as doazóns experimentouse un lixeiro incremento na recadación, pasando de 9,1 a 9,9 M€.



3.2. EVOLUCIÓN DA RECADACIÓN NO IP

A recadación do ano 2017 incrementouse nun 8,8 % respecto da de 2016 pasando de 71,5 a 77,8 millóns de euros. Este incremento responde por un lado ao incremento na recadación derivado das autoliquidacións presentadas no ano 2017, que ascenderon a 73,6 M€, e, por outro, ás liquidacións derivadas das actuacións de comprobación e investigación (4,2 M€).

3.3. EVOLUCIÓN DA RECADACIÓN NO ITP-AXD

A evolución deste tributo vaise desglosar en dous compoñentes: o concepto orzamentario de transmisións inter vivos (que inclúe tamén a recadación polas operacións societarias) e o concepto orzamentario de actos xurídicos documentados.

En canto ao primeiro dos conceptos (transmisión inter vivos), a recadación líquida situouse nos 178,7 millóns de euros no 2017 o que supón un aumento dun 15,7% respecto ao ano anterior (154,4 M€).

A recadación líquida no concepto de actos xurídicos documentados tamén aumentou, en concreto nun 4,71% fronte ao ano 2016 (69,7 M€) recadándose no ano 2017: 73 millóns.

3.4. EVOLUCIÓN DA RECADACIÓN NA TAXA FISCAL SOBRE O XOGO

En 2017 a recadación mantívose practicamente estable respecto ao ano anterior, así durante o ano 2016 se recadaron por este tributo 52,3 millóns de euros e durante o ano 2017 53,9 millóns de euros o que supón un aumento dun 3,1%.

3.5. EVOLUCIÓN DA RECADACIÓN NOS IMPOSTOS PROPIOS

A recadación do canon eólico diminuíu nun 2,8%, pasando de 23,2 millóns de euros en 2016 a 22,6 millóns en 2017.

A recadación do IDMAE sufriu unha diminución maior, dun 15,5%, de modo que durante o ano 2016 se recadaron 14 millóns de euros mentres durante o ano 2017 a recadación foi de 11,8 millóns.

O ICA é o imposto ambiental que máis varía ao longo dos anos, xa que a súa base imponible depende das emisións á atmosfera de determinados compoñentes químicos que á súa vez dependen de determinados factores tanto ambientais como económicos. A recadación do ICA no ano 2017 (4,1 millóns de euros) aumentou nun 4,6% con respecto ao ano 2016 (3,9 millóns de euros).



04 SERVICIOS AO CONTRIBUÍNTE

As actuacións de información e asistencia aos obrigados tributarios son as reflectidas na sección 2ª del capítulo I do título III da LXT, como a obriga da Administración tributaria tendente a fomentar o cumprimento adecuado das obrigas fiscais e a evitar a fraude fiscal. Dentro desta categoría se inclúen aquelas actuacións de control dirixidas a detectar e evitar a realización de actuacións fraudulentas antes da súa comisión. Están encomendadas á Área de Colaboración Social, Información e Asistencia, así como aos Departamentos de Información e Asistencia das Delegacións, que destinan un amplo conxunto de servizos de información e axuda ao contribuínte, tanto por Internet como con carácter presencial.

4.1. RECEPCIÓN DE DECLARACIÓNS

A recepción de declaracións tributarias (autoliquidacións) lévase a cabo a través de dúas modalidades: presencial e telemática.

En Galicia existen 47 oficinas onde se poden presentar as autoliquidacións tributarias e se informa e asiste aos contribuíntes sobre o cumprimento das obrigas formais relativas a dita presentación.


Oficinas	Número
Delegacións da Atriga en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo	5
OLDH da provincia de A Coruña	13
ODH da provincia de Lugo	10
ODH da provincia de Ourense	10
ODH da provincia de Pontevedra	9
TOTAL	47

Estas oficinas de presentación reciben autoliquidacións dos impostos que xestionan as Delegacións da Atriga (ITP-AXD e o ISD).




A continuación reproducense as autoliquidacións presentadas na modalidade presencial e telemática, cunha comparativa dende o ano 2010 ata 2017:

Evolución das autoliquidacións, declaracións e outros documentos confeccionados por vía electrónica, informática e telemática e das presentadas en papel para todos os impostos:




Evolución das autoliquidacións, declaracións e outros documentos confeccionados por vía electrónica, informática e telemática e das presentadas en papel para ITP-AXD (sen vehículos):






Evolución das autoliquidacións, declaracións e outros documentos confeccionados por vía electrónica, informática e telemática e das presentadas en papel para Vehículos:




Evolución das autoliquidacións, declaracións e outros documentos confeccionados por vía electrónica, informática e telemática e das presentadas en papel para Sucesións:





Evolución das autoliquidacións, declaracións e outros documentos confeccionados por vía electrónica, informática e telemática e das presentadas en papel para Doazóns:



As autoliquidacións relativas a Máquinas recreativas, Bingo, Canon eólico, ICA, IDMAE, Apostas deportivas e de competición é obrigatorio presentalas por vía electrónica.

No 2017 estiveron operativos os xestores de colas en todas as Delegacións, permitindo rexistrar o número de atencións presenciais que se levan a cabo e analizar os tempos medios de atención por materia, o que permitirá o establecemento dun sistema de cita previa.

Os datos correspondentes ao número de contribuíntes atendidos son os seguintes:

A continuación expóñense os tempos medios de espera e atención (en minutos) nos diferentes impostos

Delegación	Persoas atendidas
A Coruña	77.290
Lugo	31.130
Ourense	58.049
Pontevedra	37.408
Vigo	58.234
TOTAL	262.111

Imposto	Tempo medio de espera	Tempo medio de atención
ITP-AXD	0:06:08	0:05:12
ISD	0:11:17	0:10:36
VEH	0:05:15	0:05:44



4.2. INFORMACIÓN E ASISTENCIA

Para as labores de información e asistencia ao contribuínte existen as 47 oficinas anteriormente mencionadas coas funcións específicas que lle corresponden ás Delegacións, as OLDH e a ODH.

Ademais, están a disposición do contribuínte cinco teléfonos de cabeceira, un por cada Delegación, que remiten directamente aos números de información tributaria.

Na páxina web da Atriga existe de forma destacada o banner “contacta coa Axencia Tributaria” que informa das direccións e teléfonos de todas as oficinas.

A páxina web pon a disposición do contribuínte un enlace para realizar solicitudes de información que son respondidas a través do Departamento Central de Estudos, Información e Asistencia. O prazo para a súa resolución é de 3 meses e o tempo medio de resposta foi de 3,5 días.

O estado da tramitación de ditas solicitudes durante o 2017 foi o seguinte:

Solicitudes de información vía web			
Pendientes 2016	Presentadas	Atendidas	En tramitación
1	837	648	190

Durante o ano 2017 o número de solicitudes presentadas incrementouse nun 83,2% respecto ao 2016. A porcentaxe de despachos é do 77%.

4.3. PROGRAMAS DE AXUDA

No ISD a oficina virtual tributaria permite a descarga do programa ALIS que, unha vez instalado no equipo do usuario, permite confeccionar as autoliquidacións deste imposto (modelo 650), xerando os documentos para que poidan ser presentados tanto de forma presencial en calquera das oficinas receptoras como telematicamente.

Número descargas ALIS		
2016	2017	Variación %
61.502	46.312	-25%

Número declaracións confeccionadas ALIS		
2016	2017	Variación %
96.235	104.393	8,5%

No resto de impostos, para aqueles contribuíntes que non desexan realizar a presentación telemática ou ben non dispoñen de firma electrónica, pódese cumprimentar a autoliquidación empregando o programa de axuda existente na oficina virtual.



4.4. CAMPAÑA DO IRPF 2016

No 2017 a ATRIGA colaborou coa AEAT na campaña correspondente ao IRPF 2016 por dúas vías:

- En primeiro lugar, **con carácter previo ao inicio da campaña**, mediante a revisión e actualización de todos os documentos e programas de axuda da AEAT en canto á información relativa á Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no manual dispoñible á venda, como na guía rápida da web da AEAT e do programa Renta Web.
- En segundo lugar, **participando no servizo de asistencia ao contribuínte mediante a cita previa dende o día 10 de maio ata o 30 de xuño**, que se materializou coa contratación de 50 persoas que desenvolveron o seu traballo nas sete plataformas conxuntas situadas nas dependencias da AEAT e distribuídas da seguinte forma:

Persoal colaborador na campaña IRPF 2016	
Localidade	Número
A Coruña	7
Santiago	6
Ferrol	3
Lugo	6
Ourense	5
Pontevedra	8
Vigo	15
Total	50

As citas atendidas polo persoal da Atriga foron:

Citas concedidas	
Localidade	Número
A Coruña	4.367
Santiago	5.016
Ferrol	2.584
Lugo	4.283
Ourense	3.859
Pontevedra	6.400
Vigo	12.051
Total	38.560

Por último, cabe destacar que existe un protocolo de actuación coa AEAT co obxecto de instrumentar un procedemento que **facilite a consulta telemática da pre-declaración do IRPF para os empregados públicos da Xunta de Galicia** a través dun servizo web.



4.5. TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO DE QUEIXAS


Calquera cidadán ten dereito, segundo a normativa aplicable, á presentación de queixas e suxestións ante a administración autonómica, contribuíndo as mesmas á creación, ampliación ou mellora dos servizos públicos.

O órgano competente para a súa xestión é a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na súa calidade de oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico.

No ano 2017 presentáronse 81 queixas. Este incremento débese fundamentalmente a que desde o 1 de xullo de 2017, a instancia da entidade de crédito, resolveuse o convenio polo que prestaba o servizo de caixa nas distintas Delegacións da Atriga.

A continuación ofrécese a comparativa 2016/2017 das queixas presentadas e a súa desagregación por materias (inclúense tamén as presentadas ante o Valedor do Pobo e o Defensor del Pueblo):

MATERIAS	2016	2017
Atención prestada	6	33
Modelos de autoliquidación	1	25
Idioma	5	3
Información suministrada na web	0	0
Valoracións	9	1
Deficiencias de tramitación nos procedementos de xestión	4	9
Deficiencias de tramitación no procedemento de recadación	7	4
Outras materias	6	6
TOTAL	38	81





05 PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DE CONTROL

A Atriga desenrolou, durante o ano 2017, diversas actuacións de prevención e control na procura da correcta aplicación do sistema tributario, e que ten como característica esencial o seu carácter programado. Proba diso é a aprobación dun Plan Anual de Control que, segundo o disposto no artigo 116 da LXT ten carácter reservado, sen prexuízo da difusión das súas directrices xerais. Estas aprobáronse por Resolución do 8 de febreiro de 2017 pola que se aproban os criterios xerais do Plan xeral de control tributario de 2017 (DOG 21/2/2017)

No devandito Plan se definen as principais áreas de risco, así como as liñas xerais de actuación que corresponden, e os plans de xestión tributaria, inspección tributaria e recadación e fíxanse en cada un deles as liñas de actuación que hai que executar e os obxectivos para alcanzar por cada unha das citadas áreas.

Durante o ano 2017 levouse a cabo na Atriga un plan especial de loita contra a fraude fiscal, centrado, fundamentalmente, no ISD e tamén no ITP-AXD e no IP. A débeda detectada que se prevía obter con dito Plan era de 20 millóns de euros, sen embargo a súa execución permitiu detectar 32,2 millóns, un 61% máis.

5.1. ACTUACIÓNS DE CONTROL EXTENSIVO

As actuacións de control extensivo son aquelas desenvolvidas polos órganos das áreas de xestión tributaria e de información e asistencia, aos cales corresponde o exercicio das funcións atribuídas á xestión tributaria no artigo 117 da LXT. En desenvolvemento destas funcións efectúanse controis baseados en procesos (físicos ou informáticos) que se refiren a todas as declaracións presentadas, aínda que tamén a actuacións individualizadas, dirixidas a resolver discrepancias, incoherencias ou situacións en que existen indicios de incumprimentos significativos.

Durante o ano 2017, as diferentes unidades con competencias xestoras desenvolveron, no marco do Plan de Control Tributario do devandito ano, diferentes actuacións de comprobación e control extensivo.


Como consecuencia das comprobacións realizadas, practicáronse un total de 35.828 liquidacións cun importe asociado de 110,1 millóns de euros, un 22,2% máis de liquidacións que no ano 2016 que supuxeron un 7,3% máis en termos recadatorios.

O número de liquidacións constitúe, por termo medio, un 7,9% das autoliquidacións comprobadas, o que ven significar que unha media dun 92,1% das autoliquidacións comprobadas foron conformes.


Como resultado de ditas actuacións no ano 2017, comprobáronse o 45,6% das autoliquidacións e declaracións susceptibles de comprobar. En concreto, comprobáronse un total de 455.333 autoliquidacións (o que supón un incremento dun 14,4% máis respecto ao ano anterior).



Autoliquidacións comprobadas e liquidacións en todos os impostos (número):



Importe detectado en todos os impostos (millóns de euros):



Nos seguintes subapartados, reflíctense os resultados das actuacións dun xeito diferenciado, tendo en conta as actuacións no ámbito material de cada un dos tributos aplicados pola Atriga, mostrando as autoliquidacións susceptibles de comprobación, as autoliquidacións comprobadas, o número de liquidacións e o importe en millóns de euros asociado ás comprobacións feitas no ano 2017.



5.1.1. ISD

As actuacións que corresponden ás unidades con competencias xestoras das Delegacións da Atriga e as OLDH son as derivadas da comprobación das autoliquidacións susceptibles de comprobación e as liquidacións derivadas das mesmas.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse máis da metade das autoliquidacións do imposto sobre sucesións e doazóns susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O número de autoliquidacións comprobadas en 2017 incrementouse nun 27% respecto ao ano anterior. As liquidacións citadas aumentaron nun 43%.


O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2017 diminuíu nun 3,7% respecto ao ano anterior, pasando de 557,6 millóns de € a 536,8 millóns. Por outra parte o importe das autoliquidacións comprobadas en 2017 incrementouse nun 28% respecto ao ano anterior, pasando de 180,3 millóns de euros a 230,6 millóns. Así mesmo, á débeda detectada acadou os 76,8 millóns de euros, aumentando respecto a 2016 nun 2,9%.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

Autoliquidacións comprobadas e liquidacións en todos os impostos (número):



Importe detectado en todos os impostos (millóns de euros):





5.1.2. ITP-AXD

Móstranse neste subapartado os datos correspondentes ás actuacións de control extensivo realizados neste imposto, aínda que sen ter en conta os asociados ás compravendas de vehículos, que se mostran no subapartado seguinte.

As actuacións que corresponden ás unidades con competencias xestoras das Delegacións da Atriga e as OLDH son as derivadas da comprobación das autoliquidacións susceptibles de comprobación e as liquidacións derivadas das mesmas.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse o 46% das autoliquidacións susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O número de autoliquidacións comprobadas en 2017 foi un 7% superior respecto ao ano anterior, e o número de liquidacións aumentou nun 30%.


En 2017 o importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación incrementouse nun 8,3% e o importe das autoliquidacións comprobadas aumentou nun 28%. A débeda detectada creceu nun 29%, pasando de 24,3 millóns de euros a 31,4 millóns.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

Autoliquidacións comprobadas e liquidacións no ITP-AXD (número):



Importe detectado no ITP-AXD (millóns de euros):





5.1.3. ITP-AXD: Vehículos

As actuacións que corresponden ás unidades con competencias xestoras das Delegacións da Atriga e as OLDH son as derivadas da comprobación das autoliquidacións susceptibles de comprobación e as liquidacións derivadas das mesmas.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse un 76% das autoliquidacións susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O número de autoliquidacións comprobadas en 2017 aumentou nun 2% respecto ao ano anterior. E as liquidacións ditadas minoráronse nun 16,1%.


O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2017 reduciuse nun 3,4% respecto ao ano anterior, pasando a 11,2 millóns de euros. Por outra parte, o importe das autoliquidacións comprobadas en 2017 aumentou, en concreto nun 4% respecto ao ano anterior, pasando de 9,1 millóns de euros a 9,5 millóns. Así mesmo, á débeda detectada acadou 0,7 millóns de euros, reducíndose respecto ao 2016 nun 12,3%.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

Autoliquidacións comprobadas e liquidacións en VEH (número):



Importe detectado no VEH (millóns de euros):





5.1.4. Impostos de xestión centralizada

É competencia do Departamento de Tributos de Xestión Centralizada exercer ás funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da LXT, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, respecto ao ámbito material correspondente aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia (ICA, IDMAE, Canon Eólico), aos tributos sobre o xogo e ao imposto sobre o patrimonio.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse o 10% das autoliquidacións dos impostos susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O número de autoliquidacións comprobadas en 2017 aumentou respecto ao ano anterior nun 112%, e o número de liquidacións ditadas diminuíu nun 58%.


O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2017 aumentou nun 19,6% respecto ao ano anterior, pasando a 604,3 millóns de euros. Por outra parte, o importe das autoliquidacións comprobadas en 2017 incrementouse nun 38,4% respecto ao ano anterior. Así mesmo, á débeda detectada acadou os 1,3 millóns de euros, reducíndose respecto ao ano anterior nun 58,5%.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas neste ámbito:

Autoliquidacións comprobadas e liquidacións nos impostos de xestión centralizada (número):



Importe detectado nos impostos de xestión centralizada (millóns de euros):






5.1.5. Procedementos sancionadores derivados de actuacións de control extensivo


Como consecuencia da actividade de control, apreciáronse a comisión de condutas infractoras consonte co disposto na LXT, motivo polo que iniciáronse os correspondentes procedementos sancionadores, liquidando as correspondentes sancións.

No ano 2017, ditáronse un 24% menos de liquidacións de sancións que no ano 2016, o importe derivado delas tamén foi inferior, diminuíu nun 60%.

Procedementos sancionadores (número):



Importe derivado de procedementos sancionadores (millóns de euros):



5.2. ACTUACIÓN DE CONTROL INTENSIVO

As actuacións de control intensivo (selectivo) e investigación comprenden todas as realizadas pola Área de Inspección Tributaria e as súas unidades no exercicio das funcións atribuídas á inspección tributaria no artigo 141 da LXT. En particular, inclúense actuacións de comprobación e investigación, co obxecto de detectar e regularizar os incumprimentos tributarios que revisten maior dificultade, de obtención de información, de comprobación de valores, de comprobación de beneficios e incentivos fiscais e devolucións, de comprobación limitada, de informe, análise e traslado de información e de colaboración con outras áreas da Axencia e con outras administracións.

No exercicio 2017, as tarefas realizadas pódense resumir no seguinte:

5.2.1. Elaboración do plan de inspección

Para establecer o plan de inspección realizáronse os seguintes pasos:

- Detección das principais áreas de risco fiscal:** isto fíxose a través do estudo dos distintos feitos impositivos, compoñentes de base ou beneficios fiscais, así como dunha análise das bases de datos en poder da administración.
- Determinación das variables, tendo en conta os datos en poder da administración, para a individualización dos contribuíntes.** A estes efectos utilizáronse os datos propios da Atriga, os datos da AEAT, así como distintos datos subministrados por entes externos a requirimento desta área. Isto supuxo que durante 2017 se fixesen 818 requirimentos de información a profesionais oficiais.




c) **Realización dos cruzamentos de datos coas variables anteriores.** O traballo se desenvolveu sobre 28 liñas de investigación que se van incorporando como carga de traballo nas unidades a medida que o resultado destes ofrece unha selección eficiente dende o punto de vista recadatorio. A evolución de cada un deles depende do número de variables a ter en conta, así como da calidade dos datos. Durante 2017 cargáronse ás unidades 1.217 contribuíntes.

5.2.2. Realización de actuacións de comprobación e investigación e procedementos sancionadores

Os resultados do exercicio en cifras son os seguintes:

- 678 actas de inspección (o que supón un aumento con respecto ó 2016 dun 14%) por un importe de 25,6 millóns de € (o que supón unha diminución con respecto ó 2015 dun 20%), das cales 321 foron asinadas en conformidade e 357 en desconformidade.
- 571 procedementos sancionadores por un importe de 7,6 millóns de €.
- tramitáronse 11 dilixencias de colaboración entre administracións.



5.2.3. Realización de valoracións de bens non inmobles

As unidades de inspección realizan actuacións de valoración de bens non inmobles especialmente accións, participacións e empresas. Estas actuacións pódense desenvolver no seo dun procedemento inspector ou ben nun procedemento xestor. Para estes efectos os departamentos de xestión remite ás unidades de inspección aqueles bens que pola súa natureza son susceptibles de ser valorados por un inspector tributario.

No exercicio 2017 realizouse polas unidades inspectoras un total de 2.468 valoracións por un valor total comprobado de 8.179.780.786,7 € o que supuxo un incremento sobre o valor declarado de 1.088.730.160,57 €, representando porcentualmente un incremento medio do 13%.

5.2.4. Realización de informes

Unha das funcións da inspección é a realización de informes. Estes poden realizarse para outros órganos da administración sen relación cun procedemento tributario, ou ben como consecuencia dun.

Dende o punto de vista numérico e sobre todo recadatorio, destacan os informes sobre os beneficios fiscais que se realizan para os órganos de xestión tributaria, en especial os que se refiren ás reducións de empresa no imposto sobre sucesións e doazóns. En 2017 realizouse un total de 611 informes dos cales o 48% foron negativos.

5.3. ACTUACIÓNS DE VALORACIÓNS

É preciso sinalar a importancia que as valoracións de inmobles teñen nos impostos cedidos, dado que os máis importantes tanto dende o punto de vista recadatorio como dende o número de expedientes (ISD e ITP-AXD) teñen como base imponible **o valor real dos bens e dereitos transmitidos.**

Para a realización das comprobacións de valor dos bens inmobles utilízanse basicamente tres dos sistemas previstos no artigo 57 da LXT: a valoración por coeficiente sobre valor catastral, os prezos medios e o ditame de peritos da administración.



A gran novidade nos sistemas de valoración se produciu no 2015 coa incorporación do **medio de valoración consistente en aplicar un coeficiente sobre o valor catastral**, medio de valoración que se aplica aos bens de natureza urbana. Este medio de valoración ten coma vantaxes: a seguridade xurídica, ao establecer un criterio de valoración obxectivo, común e homoxéneo en todo o territorio; información do valor real a efectos fiscais do ben que vaia a ser obxecto de adquisición ou transmisión; explicación con detalle do sistema de cálculo utilizado e vinculación á Administración tributaria co valor publicado.

Ademais, ao tomar como referencia ao valor catastral, valor coñecido polos contribuíntes por ser a base impositiva do imposto sobre bens inmobles, outórgalle máis simplicidade e unha acomodación directa do valor resultante ás circunstancias específicas do ben concreto que é obxecto de comprobación e que están intrinsecamente recollidas no cálculo do valor catastral, valor que foi obxecto dun relatorio á que os contribuíntes tiveron acceso. Pola súa banda, a Administración dispón dun medio de valoración que dota de máis axilidade e eficacia a tramitación dos expedientes, circunstancia que tamén redundará en beneficio do cidadán. A metodoloxía técnica utilizada para o cálculo dos coeficientes multiplicadores, os coeficientes resultantes da devandita metodoloxía e o período de tempo de validez son obxecto de aprobación e publicación nunha orde anual.

Como consecuencia da introdución do sistema anterior, o **medio de valoración consistente en prezos medios de mercado** quédase para aqueles bens inmobles rústicos que polas súas características non singulares son susceptibles de adaptarse aos devanditos prezos medios. Para iso elabórase con carácter anual unha orde que recolle os prezos medios por zonas ademais de todos os coeficientes singularizados necesarios para adaptar o valor da orde ao ben en concreto.

Cando o ben inmovible obxecto de valoración non se axusta ao ámbito obxectivo establecido na orde de coeficientes ou de prezos medios, é obxecto **dun ditame pericial de carácter individual**. Para iso o perito poderá tomar como base para o seu ditame a súa propia experiencia persoal documentada, ou os

estudos de mercado realizados pola Atriga e que serviron de base para a elaboración da orde de prezos medios.

5.3.1. Actuacións normativas

En 2017 rexeu, tanto para bens de natureza urbana coma rústica, a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles a utilizar, dos previstos no artigo 57 da LXT, no ámbito do ISD e do ITP-AXD, así como a normativa técnica xeral (DOG 30 de decembro de 2015). Esta nova orde nace con vocación de estabilidade, xa que recolle as regras xerais de aplicación dos medios de valoración, recollendo en anexos os coeficientes, prezos e valores que varían en función da evolución do mercado inmobiliario, que poderán ser actualizados por resolución da dirección da Atriga. Durante o ano 2017, dita actualización se produce por resolución de 17 de abril de 2017 tendo a súa entrada en vigor o 1 de maio de 2017.

Para a elaboración destas ordes e a súa actualización adquirense estudos de mercado das máis importantes taxadores homologadas polo Banco de España que operan en territorio desta comunidade autónoma, ademais de contar coa información proporcionada polos propios contribuíntes na súa declaracións tributarias. Os devanditos datos son procesados estatisticamente para obter os valores de referencia de mercado que figuran na orde.

A orde e as resolucións que a actualizan, publícanse no DOGA para o seu coñecemento polos contribuíntes e habilitase unha ferramenta informática na páxina web da Atriga que facilita o devandito cálculo.



5.3.2. Solicitudes de información dos valores dos ben inmobles a través da páxina web

As valoracións que os contribuíntes realizaron na páxina web durante o 2017 ascenderon a 300.957, fronte ás 310.430 do ano 2016, cunha redución fronte ao ano de anterior dun 3,1%, coa seguinte desagregación por tipoloxía:

Valoracións páxina web			
Tipo de ben	2016	2017	Variación (%)
Construción Industrial	2.159	2.005	-7,1%
Chan Rústico	223.617	215.617	-3,6%
Vivenda Colectiva	60.240	60.725	0,8%
Vivenda Unifamiliar	24.414	22.610	-7,4%
Total	310.430	300.957	-3,1%

5.3.3. Actuacións de comprobación do valor de bens inmobles


A actividade das unidades de valoracións no exercicio 2017 foi a seguinte:

- **Prezos medios e coeficientes:** fixéronse 150.785 valoracións por un valor total comprobado de 3.318,5 millóns de € o que supuxo un incremento sobre o valor declarado de 416,1 millóns de €, representando porcentualmente un incremento medio do 12,5%.
- **Ditame de perito:** fixéronse 51.207 valoracións por un valor total comprobado de 3.520 millóns de € o que supuxo un incremento sobre o valor declarado de 1.297 millóns de €, representando porcentualmente un incremento medio do 58%.

Ademais realizáronse durante o 2017:


- 1.131 **valoracións previas** derivadas do artigo 90 da LXT que recoñece o dereito do contribuínte a solicitar unha valoración previa dos bens que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión. A elaboración desa valoración previa solicítase sobre todo naqueles bens que non son susceptibles de ser valorados polos medios de coeficientes ou de prezos medios establecidos na Orde.
- 1.995 **valoracións para outras CCAA** en virtude do principio de colaboración interadministrativa.

O **número total de bens valorados** en 2017, incluídos os comprobados polas unidades xestoras en relación aos medios para os que son competentes, foi de 602.257, o que representa un incremento dun 15% respecto ao 2016.





A Atriga **presta a súa conformidade a case 7 de cada 10 valoracións** presentadas polos contribuíntes.



5.4. FASE RECADATORIA

A xestión recadatoria consiste no exercicio da función administrativa conducente á realización dos créditos tributarios e demais de dereito público establecidos a favor da Facenda Pública de Galicia.

Os órganos encargados da súa realización son a Área de Recadación, os Departamentos de Reacadación das Delegacións da Atriga así como polas Zonas de Recadación.

A actividade recadatoria da Atriga desenvólvese en dous procedementos distintos, en función do estado temporal das débedas:

- **en período voluntario** respecto de todos os ingresos de dereito público de que sexan titulares órganos encadrados na Administración Xeral e
- **en período executivo** de ingresos dos anteriores órganos e de ingresos de Organismos Autónomos e outros entes públicos da Xunta de Galicia.

Os ingresos sobre os que se proxecta esta actividade recadatoria poden ser:

a) Tributarios:

- Tributos propios. A Atriga realiza actuacións tanto en período voluntario como executivo no IDMAE, ICA, CE e taxas, e en período executivo no CA.

- Tributos cedidos. Tamén a actuación da Atriga comprende os dous períodos de recadación do ISD, ITP-AXD, tributación sobre o xogo; e respecto do IP todas as actuacións excepto a recadación por autoliquidación presentado dentro do prazo regulamentario.

b) Non tributarios:

Nesta categoría inclúense todos aqueles ingresos de dereito público que non teñen o carácter de ingresos tributarios e a xestión, entendida como actividade administrativa que xera e define a contía do ingreso, é levada a cabo polos órganos non encadrados na Atriga.

De entre este tipo de ingresos, dunha gran diversidade, pódense citar, pola súa importancia e frecuencia:


- **As sancións administrativas** impostas por distintos órganos das Consellerías e que se recadan, tanto en período voluntario como executivo e só en executiva cando son sancións de organismos autónomos ou entes públicos, polos órganos de recadación da Atriga.
- **Os reintegros de axudas e subvencións** nos supostos previstos na Lei de Subvencións de Galicia e cuxa recadación, tamén tanto en período voluntario como executivo, e con respecto a calquera órgano da Xunta, incluídos os Organismos Autónomos corresponde aos órganos de recadación da Atriga.



5.4.1. Resultados das actuacións de recadación

A continuación expóñense os datos de dereitos recoñecidos netos e de recadación correspondentes ao exercicio 2017 en comparación co ano 2016, relativos aos impostos xestionados pola Atriga:

M€	DRN 2016	DRN 2017	REC 2016	REC 2017	DRN 2017/2016	REC 2017/2016
TRIBUTOS CEDIDOS	503,6	532,6	484,1	511,2	5,8%	5,6%
ISD	149,8	145,3	136,2	127,9	-3,0%	-6,2%
IP	71,8	78,2	71,5	77,8	9,0%	8,8%
ITP-AXD	227,0	256,1	224,2	251,7	12,8%	12,3%
Taxas fiscais sobre o xogo	55,1	53,0	52,3	53,9	-3,7%	3,1%
TRIBUTOS PROPIOS	41,0	38,5	41,1	38,4	-6,2%w	-6,6%
Imposto sobre o bingo	0,1	0,02	0,05	0,001	-76,6%	-98%
ICA	3,9	4,1	3,9	4,1	4,3%	4,6%
IDMAE	14,0	11,8	14,0	11,8	-15,4%	-15,5%
Canon eólico	23,1	22,6	23,2	22,6	-2,1%	-2,8%
TOTAL TRIBUTOS	544,7	571,1	525,3	549,7	4,9%	4,6%







5.4.2. Aprazamentos e fraccionamentos


Conforme á normativa tributaria a Administración poderá conceder aprazamentos e fraccionamentos da débeda tributaria, sendo necesaria a prestación de garantías agás nos supostos nos que o importe a aprazar e fraccionar non supere os 30.000 euros (incrementouse no 2016, antes 18.000€).

De seguido amósase a evolución destes aprazamentos e fraccionamentos dende o ano 2005 (en millóns de euros) **nos principais impostos cedidos:**



Os datos relativos ao total de aprazamentos e fraccionamentos xestionados pola Atriga, en relación **a todos os ingresos, sexan tributarios ou non**, que lle compete recadar, sexa en período voluntario ou executivo son:







06 ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA

Segundo a Comisión Europea da UE a administración electrónica, ou e-Administración, defínese como “o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións nas administracións públicas, combinado con cambios organizativos e novas aptitudes, co gallo de mellorar os servizos públicos e os procesos democráticos e reforzar o apoio ás políticas públicas”.

O uso das TIC aplícase en dous aspectos:

- interno (back-office): no que se reformulan procesos manuais en procesos electrónicos,
- externo (front-office): no que se habilitan canais electrónicos para as relacións coa cidadanía e empresas.

Polo tanto, a administración electrónica supón a reformulación dos procedementos existentes para acadar a mellora e simplificación dos mesmos, permitindo a modernización administrativa e abrindo o abano de posibilidades de interacción da cidadanía e empresas coas administracións públicas.

O uso da e-Administración supón un grande impacto no aforro de custes e na produtividade e transparencia das actividades da Administración Pública. Para a cidadanía supón vantaxes salientables: dispoñibilidade 24 horas os 365 días do ano, acceso universal dende calquera lugar e polo tanto, aforro de tempo e diñeiro ao evitar desprazamentos e trámites burocráticos.

A Comunidade Autónoma de Galicia é pioneira en ofrecer servizos públicos electrónicos para facilitar a realización de trámites a través de internet, ampliando prestacións e mellorando as relacións entre a Administración e a cidadanía conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Atriga conta cun portal de carácter informativo (www.Atriga.gal) así como unha oficina virtual tributaria (OVT) para realizar diferentes trámites on line no que se ofrece unha extensa variedade de servizos públicos





electrónicos que se poden realizar telemáticamente a través de internet e que procuran prestar un mellor servizo á cidadanía mellorando dita prestación día a día. Por suposto, o beneficio máis directo da oficina virtual é a redución de cargas administrativas, así como facilitar á cidadanía e empresas os trámites ca Administración evitando desprazamentos cos conseguintes aforros de tempo e cartos.

Segundo a “Guía para el análisis del impacto normativo” do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (Secretaría de Estado de Administraciones Públicas), a redución do custe para a cidadanía e empresas, e dun 93,75%, dende 80€, a realización do trámite presencial, ata 5€ a súa realización a través de Internet, supoñendo así un aforro de 75€ por trámite.

Hai que subliñar que en Galicia e en materia tributaria ofrécense os servizos electrónicos para o 100% dos impostos que xestiona a Atriga. Segundo distintos tipos de acceso, é posible cumprimentar, pagar e presentar distintos impostos e tributos propios de xeito totalmente telemático.

Os procedementos clasifícanse segundo a **modalidade de acceso**:

- **Acceso libre:** Acceso que non precisa a identificación do demandante do servizo. Evidentemente, trátase de servizos limitados.
- **Acceso con certificado dixital:** Para acceder a estes servizos é preciso dispor dalgún dos certificados dixitais recoñecidos pola Consellería de Facenda, incluíndo o DNI electrónico.
- **Acceso como usuario autorizado:** É requisito previo ser autorizado pola Consellería de Facenda. Trátase polo tanto dun acceso restrinxido e tamén é preciso dispor dun certificado dixital.

En función do tipo de acceso, permítense servizos de consulta, confección online de modelos de autoliquidación, presentación integramente telemática, etc. De facto, o 100% dos impostos autoliquidables pódense presentar de forma telemática na Oficina Virtual Tributaria.

O pagamento de tributos ou taxas permítense a través das entidades financeiras adheridas e, en función da modalidade de acceso á oficina virtual, pode realizarse o pagamento de distintas formas:

- Pagamento presencial co Número de Referencia Completo (NRC),
- Cargo en conta e pagamento con tarxeta de débito ou crédito.

Hai que subliñar, polo seu alto índice de presentacións telemáticas, os impostos de transmisións de vehículos usados, de sucesións e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Outros tributos que se presentan telemáticamente son: máquinas recreativas, bingo, casinos, ICA e ID-MAE, etc.

Ademais, para os impostos de transmisión de vehículos usados e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados con documento notarial e para as taxas sobre o xogo, non é necesario desprazarse ás oficinas competentes para a entrega de documentación adicional.

Salientar que todos os tributos de nova creación intégranse na Oficina Virtual Tributaria para que a súa tramitación se poda realizar e ademais esta é a única vía de presentación.

Existen outros procedementos de natureza tributaria (ademais dos procedementos para a súa cumprimentación, pagamento e presentación de impostos de xeito telemática), contemplados na carta de servizos públicos electrónicos que resultan de interese para a cidadanía. Entre eles é obrigado sinalar os máis importantes:

- Valoración de bens inmobles.
- Valoración de vehículos usados.
- Verificación de documentos mediante o código seguro de verificación.
- Presentación de recursos.

Catálogo de servizos públicos electrónicos segundo a modalidade de acceso.

A continuación detállase a lista de servizos electrónicos dispoñibles na Oficina Virtual Tributaria agrupados en tres categorías:

- Confección/impresión de modelos de autoliquidacións
- Declaración e pagamento de tributos
- Servizos xerais

Como resumo, amósase un cadro dos servizos nos que se detalla a súa dispoñibilidade segundo a modalidade de acceso empregada.

Tamén se relacionan os certificados dixitais admitidos pola Consellería de Facenda e se detalla o número de usuarios rexistrados na OVT.



1. Declaración de tributos: confección/ impresión de modelos de autoliquidación

Existe a posibilidade de cumprimentar na Oficina Virtual Tributaria os modelos para a autoliquidación. O sistema permite a impresión dos modelos xa cumprimentados para, se é o caso, realizalo pagamento e a súa presentación presencial.

Relación de impostos con posibilidade de confección/ impresión:

- ITP-AXD (modelo 600)
- Imposto de Medios de Transporte Usado (modelo 620)
- Imposto de Doazóns (modelo 651)

2. Declaración de tributos / Pagamentos

O Sistema permite a confección dos modelos de autoliquidación, o pagamento telemático e obtención dos xustificantes de autoliquidación e a presentación telemática para os seguintes impostos:

- ITP-AXD (modelo 600)
- Medios de Transporte Usado (modelo 620)
- Doazóns (modelo 651)
- Sucesións (modelo 650)
- Taxa fiscal sobre o xogo: Casinos de xogo (modelo 044)
- Taxa fiscal sobre o xogo: Máquinas de xogo (modelo 045)
- Tributos sobre o xogo: Bingo (modelo 043)
- Taxa fiscal sobre o xogo: Apostas deportivas e de competición (modelo 041)
- IDMAE
- ICA
- Canon eólico (CE)

Servizos de pagamento de taxas, prezos, multas e sancións: pagamento telemático e obtención do impreso-xustificante correspondente a ter realizado o pagamento.

As modalidades de pagamento son:

- Tarxeta de crédito ou débito.
- Cargo en conta (só para accesos con certificado dixital ou usuarios autorizados).

3. Servizos xerais

Existen outros servizos electrónicos de interese e que poden ser de utilidade para a declaración dos tributos.

- Valoración de bens inmobles: obtención do valor dun ben inmovible que sexa obxecto de adquisición ou transmisión.
- Valoración de vehículos usados: obtención do valor de venda de vehículos segundo as táboas que publica anualmente o Ministerio de Hacienda y Función Pública.
- Descarga do programa de axuda ALIS: (Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións) para a confección do imposto de Sucesións (modelo 650)
- Certificado de débedas / patrimonio: solicitude de expedición de certificados de débedas ante a Xunta de Galicia, así como certificados do imposto sobre o patrimonio.
- Consulta e pagamento de débedas: consulta de débedas en período voluntario e posibilidade de pagamento telemático das mesmas.
- Xestión de datos persoais: consulta e modificación dos datos persoais e enderezo de Notificacións.
- Operacións realizadas: consulta e acceso permanente ás operacións tramitadas a través da Oficina Virtual Tributaria.
- Consulta de Sucesións, Doazóns e Transmisións: seguimento do estado e información dos expedientes tramitados na Oficina Virtual Tributaria para os ditos impostos.
- Seguimento de expedientes: consulta do estado e información dos expedientes de calquera imposto.
- Presentación de recursos: presentación telemática de recursos contra procedementos da Administración tributaria
- Representación de terceiros: xestión telemática de autorizacións para a representación de terceiros para distintos trámites tributarios.
- Verificación de documentos: comprobación da veracidade dos documentos emitidos pola Oficina Virtual Tributaria mediante a introdución do CSV (Código Seguro de Verificación).
- Verificación de cartóns de bingo: comprobación da veracidade dos cartóns para o xogo do bingo mediante a introdución do CSC (Código Seguro de Cartón).
- Subscrición ao servizo de avisos.



4. Cadro resumo de servizos electrónicos por tipo de acceso

Servizo electrónico	Tipo de acceso (*)		
	L	C	A
Declaración de tributos: confección/impresión de modelos de autoliquidación			
Confección online ITP-AXD (mod. 600)	•		
Confección online Imposto de Medios de Transporte Usado (mod. 620)	•		
Confección online Imposto de Doazóns (mod. 651)	•		
Declaración de tributos / Pagos			
Pago e presentación telemáticas ITP-AXD (mod. 600)		•	•
Pago e presentación telemáticas Imposto de Medios de Transporte Usado (mod. 620)		•	•
Pago e presentación telemáticas Imposto de Sucesións (mod. 650)		•	•
Pago e presentación telemáticas Imposto de Doazóns (mod. 651)		•	•
Pago e presentación telemáticas Imposto de Casinos de xogo (mod. 044)		•	
Pago e presentación telemáticas Imposto de Máquinas recreativas (mod. 045)			•
Pago e presentación telemáticas Imposto e Taxa do xogo en Bingos (mod. 043)			•
Pago e presentación telemáticas Taxa sobre o xogo de Apostas deportivas e de competición (mod. 041)			•
Pago de taxas, prezos, multas e sancións	•	•	•
Servizos xerais			
Valoración de bens inmoables	•	•	•
Valoración de vehículos usados	•	•	•
Descarga do programa de axuda "ALIS"	•	•	•
Certificado de débedas / patrimonio		•	•
Consulta e pago de débedas		•	•
Xestión de datos persoais		•	
Operacións realizadas	•	•	•
Consulta de Sucesións, Doazóns e Transmisións		•	•
Seguimento de expedientes		•	•
Presentación de recursos		•	•
Representación de terceiros		•	•
Verificación de documentos	•	•	•
Verificación de cartóns de bingo	•	•	•
Subscrición ao servizo de avisos		•	•

(*) L = Servizos de acceso libre, C = Servizos con certificado dixital, A = Servizos de usuarios autorizados



5. Certificados dixitais recoñecidos pola Oficina Virtual Tributaria

Para os servizos electrónicos que son de uso restrinxido (e preciso a identificación previa da persoa interesada), compre empregar un certificado dixital emitido por unha entidade recoñecida.

Desenvolveuse una nova plataforma de validación de certificados electrónicos (baseada na plataforma @firma do MINHFP) que permite recoñecer todos os certificados incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servicios de certificación” (TSL) establecidos en España, publicada na sede electrónica do Ministerio de Industria, Energía y Turismo.

Con esta plataforma de validación de certificados electrónicos (PVCE), se cumpre o establecido no art. 9 da Lei 39/2015 que di que serán admitidos os “sistemas basados en certificados electrónicos reconocidos o cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos en la «Lista de confianza de prestadores de servicios de certificación»”

6. Usuarios rexistrados con certificado dixital

Na seguinte táboa reflíctese o nº de usuarios rexistrados na Oficina Virtual tributaria actualmente activos e segundo a tipoloxía funcional:

Tipoloxía de usuario	2016	2017
Xestorías / Asesorías	1.552	1.725
Empresas operadoras de aparellos recreativos	216	223
Empresas operadoras de bingo	15	14
Empresas declarantes do ICA	93	98
Empresas declarantes do IDMAE	39	43
Empresas declarantes do canon eólico	60	61
Empresas operadoras de apostas deportivas e de competición	14	15
Total usuarios rexistrados na OVT	1.989	2.179

Interoperabilidade: cooperación interadministrativa e colaboradores sociais

Con base nos principios de cooperación interadministrativa e de simplificación de procedementos, a Atriga ven traballando e centrando esforzos na cooperación interadministrativa e o intercambio de información con outras Administracións, é o que se coñece como interoperabilidade.


Ademais en España, o esquema nacional de interoperabilidade promove o desenvolvemento e intercambio de información entre as distintas administracións, facilitando así as funcións de “xanela única”.



En Galicia xa hai varios exemplos de interoperabilidade no eido tributario entre administración e colaboradores sociais. Concretamente poden citarse como exemplos de cooperación interadministrativa e colaboración social os seguintes (CUC, ANCERT, CIRCE, SIGA...):

A continuación expóñense o total de accesos á OVT, o número de valoracións de bens e o número de certificados de débedas expedidos vía telemática durante o ano 2017.

Accesos á OVT segun tipo de usuario




Evolución das valoracións de bens por internet:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Nº valoracións	179.514	203.355	237.955	275.763	293.998	333.636	341.891	310.430	300.957
TVA	-	13%	17%	16%	7%	13%	2%	-9%	-3%





Nº valoracións de bens por internet



Importe detectado nos impostos de xestión centralizada (millóns de euros):

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Axudas/Subvencións por internet	3.837	4.014	4.623	4.749	6.059	7.966	9.847	12.308	16.974
Contratos por internet	3.507	4.306	4.669	5.428	6.023	6.967	8.829	10.942	12.138
Total certificados de débeda por internet	7.344	8.320	9.292	10.177	12.082	14.933	18.676	23.250	29.112







07 ACTUACIONES DE COLABORACIÓN SOCIAL E ADMINISTRATIVA

A Área de Colaboración Social, Información e Asistencia, no exercicio das súas competencias, realiza unha colaboración social con administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, sobre todo cos sectores que asesoren ou intermedian nas operacións das que podan derivarse obrigas tributarias, asinando no seu caso os correspondentes convenios de colaboración. Neste último aspecto, profundase na colaboración e intercambio de información que permitan mellorar as labores de información e asistencia.

7.1. COLABORACIÓN COA AEAT

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, cede ás Comunidades Autónomas o rendemento total ou parcial producido no seu territorio dunha serie de tributos estatais e delega a competencia para a xestión dunha parte deses tributos. Concretamente, as Comunidades Autónomas teñen asumida a xestión dos Impostos sobre o Patrimonio, Sucesións e Doazóns, Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, así como determinados Tributos sobre o Xogo.

Esta Lei consagra, como principio esencial, a colaboración entre as Administracións tributarias do Estado e das Comunidades Autónomas para a xestión dos tributos estatais cedidos e, en particular, o fomento e desenvolvemento de intercambios de información e a planificación coordinada das actuacións de control sobre os mesmos.

Por tal motivo, no seo do Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria (órgano colexiado integrado por representantes da Administración tributaria do Estado e das Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía encargado de coordinar a xestión dos tributos cedidos) e dos Consellos Territoriais para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria (órganos colexiados integrados por representantes da Administración tributaria do Estado e da Comunidade Autónoma ou da Cidade con Estatuto de Autonomía de que se trate, con funcións de coordinación da xestión dos tributos cedidos no seu respectivo ámbito, de acordo coas directrices do Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria), esta axencia está a potenciar os intercambios de información con transcendencia tributaria coa finalidade de aumentar a eficacia da xestión tributaria, mellorar a asistencia aos contribuíntes reducindo as cargas administrativas que pesan sobre os mesmos e, especialmente, intensificar a loita contra a fraude fiscal e a economía mergullada.



A Atriga participa no Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria reuníndose trimestralmente (o 5 de abril, o 11 de xullo, o 17 de outubro e o 19 de decembro de 2017).

No seo deste Consello existen tres grupos de traballo:

- O grupo de intercambio de información: ten por obxecto establecer procedementos de colaboración e intercambio de información entre a AEAT e as CCAA (tres reunións en 2017).
- O grupo de coordinación normativa: ten por obxecto analizar e propoñer modificacións normativas en relación cos tributos cedidos (tres reunións en 2017).
- O grupo de xestión dos tributos totalmente xestionados polas CCAA: analiza o sistema de indicadores e de resultados.

Ademais dos intercambios de información xeral, están a potenciarse intercambios de información específicos sobre determinados feitos, operacións, valores, bens ou rendas con transcendencia tributaria que resulten relevantes para a xestión tributaria de calquera das Administracións, en especial para a loita contra a fraude, así como a transmisión de información obtida nos procedementos de control desenvolvidos por cada unha das Administracións tributarias, do Estado ou as das Comunidades Autónomas, que resulte relevante para a tributación por outras figuras impositivas xestionadas por outra Administración. A estes efectos a Axencia participou con periodicidade trimestral (17 de marzo, 4 de xuño e 13 de novembro) no Consello Territorial para a Dirección e Coordinación da Xestión tributaria.

7.2 COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Alguns convenios subscritos con outras Administracións públicas para a cesión de datos, contemplan, á súa vez, a obtención de información en poder desas Administracións sobre bens, dereitos, rendas ou actividades dúas contribuíntes, que permiten á Axencia Tributaria mellorar os servizos prestados ao contribuínte para favorecer ou cumprimento voluntario das súas obrigacións fiscais e, sobre todo, a loita contra a fraude fiscal. Estes acordos adoitan incluír tamén outras formas de colaboración que van máis aló do intercambio de datos.

Entre estes convenios de intercambio de información e outras formas de colaboración destacan os seguintes:

7.2.1. Dirección General de Tráfico (DGT)

Durante 2017 aplicouse o convenio de colaboración coa DXT en materia de intercambio e cesión de información a efectos tributarios, que permitiu eliminar calquera soporte papel para verificar o cumprimento das obrigas tributarias inherentes ao cambio de titularidade dun vehículo e se substitúe por un código electrónico (CET) que garante o seu cumprimento.

En 2017 tramitáronse 102.880 CET, o que supón un 97,71% do total de presentacións de vehículos automóbiles, 105.285, realizadas durante o 2017.

7.2.2. Dirección General del Catastro

As Xerencias Rexionais do Catastro subministran anualmente a Atriga os ficheiros informáticos que conteñen os datos existentes nas bases de datos catastrais dos bens inmoables de natureza rústica, urbana e de características especiais.

7.2.3. Colaboración co Consejo General del Notariado e Colexio Notarial de Galicia

Estes organismos subministran a información necesaria para a verificación das operacións realizadas no ITP-AXD e a súa tributación a través das fichas notariais e os envíos específicos de escrituras públicas.

No marco desta colaboración recibíronse na Atriga 139.019 (132.234 en 2016) fichas notariais e 5.911 (4.969 en 2016) copias de escrituras públicas.

7.2.4. Con outras administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións

Da colaboración levada a cabo emitíronse un total de 92.169 certificados. O seu detalle é o seguinte:

Certificados emitidos Xunta	
Tipo	2017
Axudas/ Subvencións por internet	85.763
Contratos por internet	6.406
Total	92.169



En relación aos convenios de colaboración subscritos pola Atriga coas Deputacións Provinciais da CA de Galicia para a cesión de información de carácter tributario, durante o 2017 emitíronse 974 certificados.

Igualmente, seguiuuse impulsando a adhesión das Entidades Locais ao convenio de colaboración subscrito entre esta Axencia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de datos de carácter tributario.

En canto a datos destacables doutras fórmulas de colaboración esta Axencia subministra información tributaria necesaria ás entidades locais para procedementos de xestión tributaria.

7.3. OUTROS COLABORADORES SOCIAIS

Os intermediarios fiscais, en canto representantes dos contribuíntes nas súas relacións coa Administración tributaria, colaboran coa Axencia Tributaria na xestión dos tributos, xa que facilitan aos contribuíntes o coñecemento e comprensión das súas obrigacións fiscais e axúdanlles a cumprilas.

Esta colaboración se instrumenta, nas últimas dúas décadas, na presentación telemática de declaracións e outros documentos tributarios en representación de terceiros mediante convenios de colaboración subscritos pola Axencia Tributaria con outras Administracións públicas, con entidades privadas e con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, ata alcanzar, ao 31 de decembro de 2017, a cifra de 26 convenios ou protocolos de adhesión asinados (7 deles ao longo de 2017).

Como resultado desa colaboración un total de 1.725 (1.552 en 2016) usuarios de ditas organizacións teñen acceso autorizado á OVT (106.690 accesos en 2017, un 14,5% máis que en 2016).

Por outra banda, atendéronse peticións de información xudicial relacionadas con:

- A colaboración cos órganos xurisdicionais e o Ministerio Fiscal na investigación e persecución de delitos.
- A protección dos dereitos e intereses dos menores e incapacitados xudicialmente.
- A colaboración cos xuíces e tribunais para a execución de resolucións xudiciais firmes.

A Área de Colaboración Social, Información e Asistencia, no exercicio das súas competencias, realiza unha colaboración social con administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, sobre todo cos sectores que asesoren ou intermedian nas operacións das que podan derivarse obrigas tributarias, asinando no seu caso os correspondentes convenios de colaboración. Neste último aspecto, profundase na colaboración e intercambio de información que permitan mellorar as labores de información e asistencia.



